

LUDVIG HOLBERG

**A viaxe subterránea
de Niels Klim**

Traducido por Alfonso Blanco



Hugin e Munin

CAPÍTULO I

O DESCENSO DO AUTOR ÁS REXIÓNS SUBTERRÁNEAS

No ano 1664, logo de aprobar os exames na Universidade de Copenhaguen e de merecer a nota *cum laude* por parte dos tribunais de Filosofía e Teoloxía, prepareime para volver á miña patria e subín a un barco que ía cara a Bergen, en Noruega. Levaba comigo unhas cualificacións impecables nas dúas titulacións, pero tamén o peto baleiro. Compartía destino cos demais estudantes de Noruega, que adoitan volver á patria desplumados por investiren na súa formación superior.

Coa axuda de ventos favorables, tras unha feliz navegación, en seis días aportamos en Bergen. Así, retornei á patria máis sabio, sen dúbida, pero non máis rico. Apoiado nos recursos das persoas que por parentesco me eran próximas, durante algún tempo levei unha vida precaria, aínda que non de todo ociosa nin inactiva.

En efecto, co fin de ilustrar mediante a experiencia os estudos de Ciencias Naturais¹¹ nos que me iniciara,

¹¹Na época de Holberg, a *Physica* abranguía coñecementos que hoxe se dividen en varias áreas do saber humano, en particular, a Física, a Xeoloxía e a Bioloxía. É neste senso no que se debe entender cada alusión ás «Ciencias Naturais» que se fai nesta obra.

e examinar as peculiaridades da miña terra, así como as entrañas dos seus montes, percorrería con afán todos os recantos da provincia. Non había penedo tan abrupto que non intentase escalar, nin cova tan enorme e escarpada á que non intentase descender, coa idea de ver se por azar atopaba calquera cousa curiosa e digna de ser examinada por un naturalista. Á fin e ao cabo, hai moitas cousas na nosa patria que nunca vimos ou das que nin sequera oímos falar: se estivesen en Francia, Italia, Alemaña ou calquera outra terra de boa sona e fértil en marabillas, xa as coñeceríamos de oídas e mesmo xa as teríamos examinadas e descritas.

Entre as cousas que me pareceron moi dignas de notar está unha cova crebada e cunha grande entrada, situada no cumio dunha montaña, que os do lugar chaman Fløyen¹². A boca desta espenuca exhala de cando en vez unha airexa lixeira e non desagradable, mais faino como unha boca que ora abre, ora pecha, coma se tivese un impo permanente. Os estudosos de Bergen, entre eles o celeberrimo Abelin e o director da escola, o mestre Edvard¹³, moi experto en Astronomía e Ciencias Naturais, crían que era un asunto moi digno de análise científica, e incitaban acotío os seus paisanos a inspeccionar máis a fondo as características da cova, dado que eles non eran capaces, por mor da súa vellez. O que máis estimulaba o seu interese era o feito de que o aire que expelía volvía a intervalos regulares cara ao interior con forza, ao xeito da respiración dun ser humano.

Eu, alentado polas miñas conversas con estas persoas e mais polo meu propio carácter, andaba matinando en

¹²Un dos sete montes que rodean Bergen. Ten 425 metros de altura.

¹³Citado xunto ao alcalde Abelin, velaquí outro personaxe real de Bergen na época na que Holberg sitúa a Klim: o director da escola local, Edvard Edvardsen, morto en 1694.

